

Brasil e a terra: de onte a hoxe (40 anos do Estatuto da Terra)

João Pedro Stedile

O día 30 de novembro de 1964, o mariscal Castelo Branco, un dos comandantes do golpe militar de abril do 64, promulgou a Lei nº 4.504, coñecida como “Estatuto da Terra”, que se constituíu como a primeira lei brasileira de reforma agraria. De tramitación rápida, foi analizada polos asesores do presidente durante algunhas semanas e promulgada sen pasar polo Congreso Nacional que, naquel momento, baixo intervención e sen forzas políticas, encontrábase totalmente afastado das súas atribucións.

Por paradoxal que poida parecer, malia ser orixinado no seo dunha ditadura militar, o “Estatuto da Terra” tivo unha significación importante como resultado dun longo proceso de loita de agricultores e de cidadáns comprometidos pola reforma agraria.

A demanda da reforma agraria foi un tema sempre presente na historia do Brasil, reivindicada tanto polos campesiños como por outros segmentos da sociedade, preocupados polas inxustizas do campo. En 1844, Joaquim Nabuco xa defendía a necesidade dunha reforma agraria; no período da República Vella, a hexemonía política estaba en mans da oligarquía rural. Como di Manuel Correia de Andrade, “a República Vella só serviu para que as oligarquías mantivesen os seus privilexios e o monopolio da terra”.

Aínda así, despois da Segunda Guerra Mundial, o tema rexorde con moita forza e preséntanse á sociedade diversas propostas de proxectos de lei de reforma agraria.

No Congreso Constituínte de 1946, o entón senador Luís Carlos Prestes presentou, en nome do PCB, a primeira lei de reforma agraria ampla. Inmediatamente, os parlamentarios do partido foron desautorizados e a proposta de reforma agraria foi arquivada.

En 1957, o PTB presentou unha proposta de lei de reforma agraria, que tam pouco prosperou.

En setembro de 1963, o deputado federal Leonel Brizola, coa colaboración de Paulo Schilling, presentou un proxecto de lei de reforma agraria sintonizado coas ideas da esquerda da época. Foi considerado radical de máis e non foi adiante.

O 13 de marzo de 1964, nos famosos comicios da Central do Brasil, o entón presidente João Goulart anunciou, diante dun público de máis de 200 mil persoas, que ía enviar ao Congreso Nacional un proxecto de lei de reforma agraria no que se prevía o establecemento do tamaño máximo de mil hectáreas para a propiedade rural, e a conseguinte expropiación de todas as facendas por riba dese límite, ao longo de 100 km

de cada marxe de todas as estradas federais. Tal proxecto, coñecido como decreto SUPRA –Superintendencia da Reforma Agraria– só tivo tempo para que o seu relator, o entón deputado federal, Plínio Sampaio, presentase as súas consideracións, xa que foi abortado polo inmediato Golpe Militar.

Todas esas propostas de lei de reforma agraria que foran elaboradas entre 1946 e 1964 representaban a tentativa de buscar unha saída legal para a enorme presión exercida polos movementos agrarios. Cómpre lembrar que ese é un período de ascensión das loitas pola terra en todo o territorio, dando orixe á creación de movementos agrarios articulados no ámbito nacional e con formación de conciencia de clase. É nese período cando se organizan os movementos agrarios con gran capacidade de mobilización, como as Ligas Agrarias, particularmente no Nordeste; ULTABs (Unión de Labradores e Traballadores Agrícolas do Brasil); MASTER (Movemento de Agricultores Sen Terra), máis localizados no sur do Brasil; Fronte Agraria Católica, agrupación agraria organizada polas dioceses locais e, finalmente, a partir de 1963, a creación dos sindicatos rurais, até entón prohibidos.

En 1964, co golpe Militar que destituíu a Goulart, asume o goberno o mariscal Humberto Castelo Branco, e en novembro do mesmo ano, edita o *Estatuto da Terra*. Tendo en conta a época e as circunstancias políticas, vivíase nunha ditadura militar, o *Estatuto da Terra* foi considerado como lexislación progresista, xa que, por primeira vez no país:

a) Elaborou o catastro de todas as propiedades de terra do país.

b) Creou un organismo público federal, o IBRA (Instituto Brasileiro de Reforma Agraria), encargado do catastro das propiedades, dos procesos de colonización de terras públicas e das expropiacións. O IBRA, na súa evolución, era o que hoxe é o INCRA (Instituto Nacional de Colonización e Reforma Agraria).

c) Creou o instituto de expropiación polo Estado daquelas propiedades que non utilizaban o seu potencial produtivo. Xa que logo, rompeu co dereito absoluto á propiedade da terra, pois condicionou a propiedade á súa utilización social. E deulle poderes ao Estado para intervir en nome da sociedade.

d) Instituíu unha clasificación xeral para todas as propiedades, baseada en criterios de tamaño, utilización e capacidade de produción. Por eses criterios serían considerados **minifundios** aquelas propiedades que, pola súa condición (de tamaño ou produción) non eran suficientes para atender ás necesidades de progreso das familias; serían **empresas rurais** as propiedades consideradas ideais, nas que a produción xeraba lucro e posibilitaban o progreso dos seus propietarios; **latifundio** serían todas as propiedades infrautilizadas e atrasadas. Dentro do latifundio subdividiu en **latifundios por explotación**, medidos pola súa produción e produtividade, e **latifundios por extensión**, que designaba todas as propiedades a partir de determinado tamaño, independentemente do nivel de aproveitamento das terras.

e) A expropiación para fins de reforma agraria de todas as propiedades clasificadas como minifundio, coa intención de reagrupamento da área, e das propiedades clasificadas como latifundio, que tiña como obxectivo a distribución das terras.

f) Criterios de pagamento da área expropiada: en diñeiro, a penas as benfeitorías, por ser resultado do traballo. Terra núa, pagamento en Títulos da Débeda Pública, que se podían rescatar en vinte anos.

g) A obrigatoriedade do pagamento do ITR (Imposto Territorial Rural), que até entón non existía, e destinaba eses recursos ao programa de reforma agraria.

h) O concepto e a posibilidade de formación de cooperativas, forma colectiva de organización da propiedade da terra e da produción nas áreas reformadas.

Resulta difícil entender, pois, como unha lei tan progresista podía ser promulgada por un goberno ditatorial, militar, que desde o principio desencadeou unha implacábel persecución de todos os que defendían a reforma agraria. E, para máis, foi o brazo da represión que alcanzou, e practicamente destruíu, todos os movementos agrarios existentes até entón, como as Ligas Agrarias ULTABs, MASTER, sindicatos, e mesmo algúns grupos localizados, cuxos líderes pagaron coa vida, ou marcharon por anos e anos ao exilio.

José Gomes da Silva proporciónanos pistas para esclarecer o que en principio semella unha contradición. Segundo el, que tamén foi un dos mentores do Estatuto da Terra, hai que considerar dúas vertentes na elaboración do Estatuto. A primeira sería o ideario cepalino, defendido polo ministro deposto e economista, Celso Furtado, e por Ignácio Rangel, entre outros. Era unha tese ben recibida en diversos segmentos da sociedade, que defendían o camiño do desenvolvemento do mercado interno, interiorización da industria nacional, distribución da renda e, por conseguinte, a reforma agraria como forma de desenvolver as forzas produtivas e o capitalismo no país.

A outra vertente ten orixe nas ideas defendidas polos norteamericanos na reunión de Punta del Este en 1961, cando o presidente John Kennedy, dos Estados Unidos de Norteamérica propón a creación da Alianza para o Progreso do continente americano. Para iso, defendía a necesidade de reestruturación da propiedade da terra como forma de consolidar a vía capitalista, asustado como estaba polas consecuencias e a posíbel influencia da recente Revolución Cubana, que tivo unha forte base social entre os campesiños sen terra, e que, como primeiras medidas, decretou a expropiación de grandes extensións de terra de empresas estadounidenses.

A consecuencia inmediata daquela reunión foi a aprobación pola OEA (Organización de Estados Americanos) da creación dun instituto destinado a investigar e preparar técnicos de todos os países membros co obxectivo de crear as condicións técnicas e xurídicas para unha reforma agraria clásica que posibilitase o desenvolvemento do capitalismo. Así, naceu o IICA (Instituto de Investigacións e Ciencias Agrarias), con sede en Costa Rica, a onde, a partir de 1962, todos os gobernos enviaban os seus técnicos para estudar e prepararse para a reforma agraria.

O Brasil, malia que o goberno Goulart teoricamente estivese distanciado dos Estados Unidos, como parte dos acordos internacionais tamén mandou unha misión de técnicos; entre eles estaba José Gomes da Silva.

No período que transcorreu entre a preparación e o retorno do equipo de técnicos acontece o golpe militar que, entre outras cousas, pretendía combater a reforma agraria radical propugnada polas Ligas Agrarias e polos comunistas.

Aínda así, o mariscal Castelo Branco, que fora formado ideoloxicamente nos Estados Unidos e, por tanto, influenciado polas ideas de Kennedy, consideraba necesario realizar algún tipo de reforma agraria para minimizar o problema da pobreza, particularmente no Nordeste, que el, por ser cearense, coñecía ben.

Con ese propósito, no mes de outubro do 1964, comentou co seu ministro, Roberto Campos, a intención de constituír un grupo de traballo para preparar un programa de reforma agraria. Foi informado, entón, sobre o grupo que fora a Costa Rica, como tamén sobre os estudos que xa existían no propio Ministerio. Castelo Branco encargou ao seu ministro articular o grupo para elaborar unha proposta de reforma agraria.

Elaboraron unha primeira proposta, aínda que ninguén, en plena consciencia, confiase na sinceridade das intencións do mariscal Castelo Branco. Na época, a noticia filtrouse, e o xornal conservador, O Estado de São Paulo reaccionou tentando desmoralizar a proposta, tal vez por considerala incompatíbel cos propósitos dunha “revolución” desencadeada para conter os comunistas.

Esa reacción conservadora non desanimou ao mariscal. Contan que tomou algunhas notas, pequenas alteracións na proposta orixinal, reuniuse algunhas veces máis co seu ministro do Planificación e, moi rapidamente, como para adiantarse a posíbeis presións internas dos propios protagonistas do golpe, o día 30 de novembro promulgou, finalmente, a primeira lei de reforma agraria no Brasil.

O que aconteceu despois é de todos coñecido. A promesa de redemocratización e de respecto ao calendario electoral de 1966 foi esquecida. A ditadura

A masacre de Carajás continúa impune

A principios de 1996, centos de familias amoreábanse en barracas improvisadas ao longo da rede viaria próxima ás cidades de Curionópolis e Paraupabas, no oeste do Pará. Era o final da liña da estrada da Vale do Río Doce, que deitaba millares de campesiños pobres chegados de todo o nordeste, soñando coa terra prometida. Unha terra fértil e abundante, alí diante dos seus ollos, pero cercada polo latifundio. Do outro lado da cerca, un latifundio de 50 mil hectáreas.

Cansos de esperar, resolveron que parte deles, en torno a mil persoas, saírían camiñando en dirección a Marabá. Serían máis de 300 quilómetros de camiñada. E alí foron. Asustado co volume de xente, de pobres, o gobernador Almir Gabriel prometeu que resolvería, que enviaría axudas básicas e algúns autobuses para transportalos até Belém, a máis de mil quilómetros de alí, onde negociarían unha solución.

Os camiñantes estaban estacionados na chamada “curva do S”, próxima á cidade de Eldorado dos Carajás, cando, o día 17 de abril de 1996, chegou a “solución” do Goberno.

tornouse máis violenta cos seus opositores. O mariscal Castelo Branco morreu nun estraño accidente provocado polo choque entre dous avións nas proximidades de Fortaleza. Tamén mudaron as tácticas políticas dos Estados Unidos para a América Latina: deixando de lado o eufemismo da Alianza para o Progreso, claramente pasou a promover e dar sustento a varios gobernos ditatoriais militares no continente.

En decembro do 1968, a promulgación do Acto Institucional nº 5 amplía e afonda na represión aos seus opositores, en particular, estudantes, traballadores urbanos, profesionais liberais, en xeral, procedentes da clase media. O Estatuto da Terra foi relegado ao esquecemento.

Na década dos 70, a ascensión do xeneral Emilio Médici –e o seu proxecto xeopolítico de expansión e ocupación da Amazonia– meteu de novo en danza o Estatuto da Terra, que serviu como instrumento xurídico institucional, tanto para a venda de terras públicas a grandes empresas como para a ampliación de proxectos oficiais de colonización dirixidos aos campesiños sen terra do Sur e do Nordeste.

Con ese propósito foron abertas novas e extensas redes viarias en dirección ao Oeste, en particular, a BR 364, que comunica Brasíliá, Cuiabá e Porto Vello, e abre o territorio de Rondônia para a ocupación. Posteriormente, a Transamazónica, unindo Teresina a Itaituba, no medio da selva paraense. E, finalmente, a Cuiabá, Santarém, que debería comunicar a BR 364 coa Transamazónica, encontrándose á altura de Rurópolis Presidente Médici, no estado do Pará.

Esas redes viarias foron construídas para levar os continxentes de sen terra e, ao mesmo tempo, posibilitar o desprazamento da man de obra barata para a explotación da madeira, de minerais e outros recursos naturais da Amazonia. Como dicía o xeneral Médici “imos levar xente sen terra para unha terra sen xente”.

Pouco despois do medio día chegaron algúns autobuses. Os camiñantes pensaron que eran os que os ían levar até Belém. Os autobuses, nembargantes, estaban cheos de soldados da Policía Militar. Chegou un batallón de Paraupebas e non os deixou volver. Outro batallón chegou desde Marabá, e os mil camiñantes quedaron cercados. E por un dos laterais, os policías usaron un camión dos terratenentes locais para impedir que o pobo “escapase”.

Antes de saír dos cuarteis, os soldados tiveran o coidado de retirar as chapas que identificaban os seus nomes. Os fusís e metraladoras retirados do depósito tampouco levaban rexistro. E tampouco a munición. Pasaron polo Hospital de Marabá e dixéronlles aos médicos que estivesen en garda.

O resultado de todo iso xa o coñecen vostedes pola televisión: unha masacre. Os soldados disparaban como bestas incontrolábeis sobre a multitude de homes, mulleres e nenos. Pobres. Todos no final da liña da esperanza e da emigración. Era “para dar unha lección a eses sen terra vagabundos”, berraban os comandantes alucinados.

Resultado recollido ao caer da tarde: 19 mortos, centos de feridos. Desesperación completa. Fálase de máis mortes, porque as camionetas da policía saíron disparadas carga-

En esencia, até aí, o Estatuto da Terra que fora concibido nun marco dunha política de reforma agraria destinada a dar pulo ao desenvolvemento do capitalismo, ten o seu uso limitado á privatización de terras públicas e a programas de colonización.

Cando a ditadura militar comeza a dar sinais de crise a partir do 76, durante o goberno do xeneral Ernesto Geisel e, posteriormente no goberno do xeneral João Figueiredo, invócase o Estatuto da Terra para realizar expropiacións nalgúns áreas de conflito social. Inaugúrase entón a reforma agraria puntual destinada a amainar os conflitos sociais e evitar reaccións máis radicais dos campesiños. Ese artificio non funcionou, e o que vimos no período de 1979 a 1983 foi a eclosión de moitas loitas de colonos da Amazonia e o rexurdimento da loita masiva pola terra en practicamente todo o territorio nacional.

En 1985, a elección de Tancredo Neves no Colexio Electoral marca a fin da ditadura militar e o novo período de gobernos civís. Tancredo Neves comprometérase a dar prioridade e ampliar o proxecto de reforma agraria. Para iso, convidou a José Gomes da Silva para ocupar a presidencia do INCRA, alén diso, creou o Ministerio da Reforma Agraria e, por indicación dos bispos da rexión Norte, convidou para ocupar o cargo de ministro a Nelson Ribeiro, paraense, coñecedor dos problemas agrarios daquela rexión.

Tancredo Neves morreu antes de tomar posesión e asumiu o goberno o vicepresidente José Sarney. Mantido o programa de Tancredo Neves, José Gomes da Silva, presidente do INCRA, iniciou a elaboración do primeiro plano de reforma agraria, conforme ao previsto no Estatuto da Terra. Non chegou a levalo á práctica; pediu a dimisión en outubro de 1985, cando se decatou de que o novo goberno non tiña compromisos reais coa reforma agraria.

das de corpos. Como a rexión é de fronteira agrícola e de emigrantes sen familia, sen documentos, moitos lonxe da súa orixe, ninguén saberá xamais o número total de mortos.

A sociedade chorou. O goberno sentiu vergoña. Creou entón o Ministerio do Desenvolvemento Agrario e expropiou as tres facendas reivindicadas, hoxe transformadas en asentamentos. Pero custaron moitas vidas.

E os responsábeis da carnicería? Ben, esa é outra historia...

O proceso xudicial foise montando de maneira tal que non se identificasen os tiradores. Os que deron a orde, si, sóubose todo o tempo. Os responsábeis tamén. Pero ningún deles foi incluído no proceso. Só dous oficiais e 158 soldados foron acusados.

Despois de seis anos, en maio de 2002, un xurado popular xulguou aos soldados e os oficiais. Todos os soldados foron declarados inocentes (ninguén disparara, non había probas materiais!). E os oficiais que mandaran a tropa foron condenados a máis de 200 anos de prisión.

Ante iso, houbo dous recursos: O Ministerio Público e os avogados dos sen terra recorreron para condenar, tanto aos comandantes como aos soldados. E os avogados

Aínda que ao longo do goberno de José Sarney o Estatuto da Terra fora aplicado máis veces que en gobernos anteriores, foron episodios de pouca transcendencia e sen seguir as liñas dun verdadeiro Plano de Reforma Agraria, conforme determina o Estatuto da Terra.

A Constituínte, en 1987, avanzou nalgunhas cuestións sociais, pero no tema da reforma agraria representou un retroceso en relación co Estatuto da Terra.

Garantíronse os intereses de mantemento da concentración da propiedade da terra e dos privilexios dos terratenentes. De certa forma, representou a reprodución da alianza histórica das clases dominantes brasileiras –a burguesía urbana e os latifundistas– que permite repartir algunhas migallas, conceder algúns dereitos sociais e laborais, pero mantén incólumes os privilexios da riqueza e da renda.

Aínda que o discurso loaba a redemocratización formal do país, ignorábase a redemocratización económica, sen a que unha gran parte da poboación brasileira, especialmente os máis pobres, permanecería excluída das mesmas oportunidades socioeconómicas.

A nova constitución non suplanta todos os artigos do Estatuto da Terra, mais introduce mudanzas fundamentais na clasificación das propiedades. Substitúense as expresións “minifundio”, “empresa rural” e “latifundio” por pequena, media e gran propiedade, respectivamente. Non se trata só dunha cuestión semántica, iso ten consecuencias prácticas, pois segundo esa nova Carta, quedan excluídas de calquera proceso de expropiación as pequenas, medias ou grandes propiedades “produtivas”, sen que o concepto de “produtiva” quede ben claro.

Creouse un embrollo xurídico, pois noutro artigo da Constitución queda determinado que sexan obxecto de expropiación todas as grandes propiedades que non cumpran a súa función social. Tal función social deberá ser considerada non só nos

dos oficiais recorreron para que fosen declarados inocentes, porque alegaban que non deran orde de matar.

Conclusión: Até hoxe ningún responsábel, ninguén dos que participaron na masacre de Carajás pagou nin sequera unha hora na cadea. Nembargantes, entre os superviventes dos sen terra morreron outros dous, polas secuelas das balas, e outros 65 quedaron inválidos para traballar na agricultura, aqueixados.

Eses recursos finalmente van a xuízo agora, no Tribunal de Xustiza do Pará, non con xurado popular, senón con algúns xuíces togados. A data é 19 de novembro, venres.

Se vostede cre que o Brasil está cheo de impudade, se vostede cre que a sociedade brasileira esixe castigo para os responsábeis da masacre, escriballe ao presidente do Tribunal de Xustiza: Xuíza María Brabo de Souza. Rúa Tomazia Perdigão, 310. CEP 66015-260. Belem-Pará. Correo electrónico: des.maria.brabo@tj.pa.gov.br.

E dígalle o que vostede sente.

O pobo e os sen terra só queremos xustiza!

aspectos de produción e produtividade, senón tamén nos relativos aos coidados co ambiente e ás relacións sociais existentes na propiedade. En fin, aspectos de atención aos intereses da sociedade como un todo.

Tal embrollo xurídico xerou a necesidade de elaborar unha lei complementaria destinada a normativizar a aplicación dos novos principios constitucionais á reforma agraria. Promulgada polo Congreso Nacional en 1993, é coñecida como Lei Agraria/93.

A normativización prevista na Lei Agraria/93 non simplifica o proceso de expropiación, ao contrario, crea brechas xurídicas que facilitan as apelacións dos latifundistas, evitando que os procesos de expropiación sexan rápidos e eficaces.

E así estamos, até hoxe. Na práctica, e a pesar do Estatuto da Terra, da nova Constitución e da subseguinte Lei Agraria, o proceso de concentración da propiedade da terra no Brasil continuou medrando. Ao longo deses 40 anos, malia a incesante loita dos movementos agrarios, a propiedade da terra está cada vez máis concentrada en mans de menos xente, empurrando para moi lonxe a perspectiva dun proceso histórico de democratización do acceso á terra.

O Brasil mantense como un dos países de maior concentración da propiedade da terra.

Conclusión: O Estatuto da Terra foi previsto para un momento histórico no que a reforma agraria de tipo clásico debería posibilitar o desenvolvemento do mercado interno. Iso dábase no marco de influencia das teses cepalinas, que indicaban que para afrontar o subdesenvolvemento era necesario desenvolver a industria nacional e distribuír a renda.

Aínda así, os desdobramentos do Golpe Militar do 64 deron froitos, e xeraron unha nova correlación de forzas políticas, aliando militares, latifundistas, burguesía nacional e capital estranxeiro, e consolidando 20 anos de ditadura militar que impuxo pola forza a súa hexemonía política e o seu proxecto de desenvolvemento. O mariscal Castelo Branco non entendeu os tempos políticos e históricos que el axudou a desencadear.

Pero a historia vaise escribindo conforme o pobo avanza. A sociedade brasileira, concienciada pola xustiza da reivindicación dos movementos agrarios comprenderá que soamente a democratización do acceso á terra poderá resolver os problemas da pobreza e da desigualdade social.

João Pedro Stedile é dirixente do MST (Movemento dos Traballadores Rurais Sen Terra) e da Vía Campesina Brasil.